



PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO

DO COMEDOR ESCOLAR

Curso 2023-24

I.- INTRODUCCIÓN

1. Lexislación
2. Clasificación do comedor
3. Admisión do alumnado no comedor
4. Horario do comedor
5. Funcións do persoal colaborador de atención e apoio ao alumnado
6. Funcións do persoal do servizo de comedor
7. Dereitos do persoal laboral e de atención, apoio e vixilancia ao alumnado usuario do servizo de comedor.
8. Funcións do director do Centro

II.- OBXECTIVOS

1. Educación para a saúde.
2. Educación para a convivencia.

III.- NORMAS DE CONVIVENCIA

1. Normas xerais
2. Normas específicas de uso do comedor

IV.- TEMPO LIBRE

V.- DEREITOS DO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR

VI.- DEREITOS DO PERSOAL LABORAL E DE ATENCIÓN, APOIO E VIXILANCIA AO ALUMNADO USUARIO DO SERVIZO DE COMEDOR

VI.- DEREITOS DO PERSOAL LABORAL E DE ATENCIÓN, APOIO E VIXILANCIA AO ALUMNADO USUARIO DO SERVIZO DE COMEDOR

VII.- FALTAS E SANCÍONS

I.- INTRODUCCIÓN

O comedor escolar Iniciará o seu servizo o primeiro día lectivo do mes de setembro e rematará o último día lectivo do mes de xuño.

O comedor escolar atenderá de luns a venres un total de 110 alumnos.

1. LEXISLACIÓN:

O regulamento está baseado na seguinte normativa:

- Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOG de 13 de agosto de 2013)
- Orde do 21 de Febreiro de 2007 (DOG de 5 de Marzo de 2007)
- Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo do comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería.
- INSTRUCCIÓN 3/2023, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DO 1 DE XUÑO, SOBRE O FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN INDIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2023-2024

2. CLASIFICACIÓN DO COMEDOR

O comedor escolar é un servizo educativo complementario destinado ao alumnado.

- Segundo a INSTRUCCIÓN 3/2023, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DO 1 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN INDIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2023-2024, o comedor de “CEIP Manuel Rivero”, que ten concedidas 110 prazas, está clasificado como tipo B: de 76 a 150 comensais e a modalidade de prestación de servizos é a de Xestión indirecta da Consellería.

Iniciará o seu servizo o primeiro día lectivo do mes de setembro e rematará o último día lectivo do mes de xuño.

O comedor escolar atenderá este curso de luns a venres un total de 110 alumnos.

A contratación e organización do servizo de comedor correrá a cargo da empresa adxudicataria de catering SALA GRADÍN.

A proporción ou ratio entre o persoal de atención ao alumnado será o establecido na Orde de 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do comedor. Este curso correspóndelle:

- E. Infantil: 3 prazas de vixancia.
- E. Primaria: 3 prazas de vixancia.

Ademais 2 prazas de camarera/os.

3. ADMISIÓN DE ALUMNADO NO COMEDOR

As familias dos comensais admitidos ao comedor cubrirán en todos os seus extremos o modelo de autodeclaración de prezos e entregarano no centro antes do 1 de setembro.

A totalidade de membros que perciban ingresos na unidade familiar á que pertencen os usuarios solicitantes do servizo de comedor autorizarán á Consellería a consultar durante todo o curso escolar 2023-24 os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen.

No caso de non autorizar á Administración Educativa para a comprobación telemática dos datos sinalados na autodeclaración, os solicitantes deberán acreditarlos ante o Consello Escolar mediante a presentación da declaración da renda ou a certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes ambos os dous casos ó exercicio fiscal 2022.

Os pagos realizaranse a través do banco e farase a mes vencido. Presentaráselle unha ficha a cumprimentar cos datos correspondentes á domiciliación bancaria. A falta de pagamento do servizo dará lugar á imposibilidade de continuar utilizándoo.

4.- HORARIO DO COMEDOR.

O horario de comedor será de 14:00h. a 16:00h nunha única quenda.

5.- FUNCÍONS DO PERSOAL COLABORADOR DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO.

Atendendo á Orde do 21 de Febreiro de 2007, as funcións do persoal colaborador son as seguintes:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- Controlar a entrada e saída, coidando especialmente que non saian alimentos fóra do recinto do comedor.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do enxoval de comedor.
- Velar por un axeitado comportamento na mesa e na forma de comer.
- Axudar aos alumnos que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Tutelar, guiar, apoiar e colaborar na formación do grupo de alumnos/as que lle foron encomendados.
- Reforzar e mellorar os hábitos de hixiene.
- Informar ao equipo directivo do centro, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar (director/a do centro).

6.- FUNCÍONS DO PERSOAL DO SERVICIO DE COMEDOR

- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas
- de seguridade e hixiene.
- Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- Informar ao encargado do servizo de comedor daquelas outras cuestión que afecten ao funcionamento do servizo.
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais.

8.- FUNCÍONS DO DIRECTOR/A DO CENTRO

Atendendo á Orde do 21 de Febreiro de 2007, e a Instrucción 3/2019 da Secretaría Xeral Técnica, as funcións do director/a do centro son as seguintes:

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento do servizo como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor.
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Velar por que o contratista achegue a súa propia organización directiva e de xestión no desenvolvemento do obxecto de contrato e se faga responsable da organización do servizo e de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, directrices e criterios de execución e distribución dos traballos, a través das persoas designadas por el, de xeito que a Consellería resulte completamente allea a estas relación laborais.

- Canalizarán a través dos encargados designados polo contratista as incidencias que xurdan na execución diaria dos contratos.
- Comunicar á Secretaría Xeral Técnica as irregularidades contractuais que non sexa capaz de solucionar directamente e se veñan producindo de xeito reiterado, indicando as circunstancias que concorran e achegando os medios probatorios de que dispoña.

II.- OBXECTIVOS

O funcionamento do comedor escolar afecta á vida do centro e a súa utilización por parte dos alumnos non debe considerarse como algo alleo aos valores que se ensinan nas aulas.

O comedor escolar é un servizo complementario e, como tal, os usuarios deben respectar as normas de convivencia que rexen no centro; tratarase de acadar os seguintes obxectivos:

1.-EDUCACIÓN PARA A SAÚDE:

1. Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde.
2. Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas nas aulas.
3. Promover o consumo de tódolos alimentos (educar no gusto polos diferentes sabores).
4. Manter posturas correctas na mesa.
5. Desenvolver hábitos sobre o uso axeitado dos utensilios de comida.
6. Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
7. Concienciar ás familias dos beneficios que poden obterse dunha colaboración cos responsables do comedor, tanto respecto á saúde como á educación nutricional dos seus fillos, así como na adquisición e desenvolvemento de hábitos correctos.

2.-EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA:

1. Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
2. Promover a cooperación dos alumnos implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de comedor
3. Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara tódolos membros da comunidade escolar.
4. Lograr un comportamento correcto na mesa.
5. Lograr un ambiente agradable evitando o exceso de rúidos.
6. Coidar e respectar os locais, mobiliarios, aparellos e utensilios de uso común.
7. Lograr que as entradas e saídas ao comedor sexan ordenadas.
8. Favorecer a comunicación cos compañeiros en actividades non académicas, fomentando o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia.
9. Valorar e respectar outro tipo de traballos (persoal colaborador, cociñeiros, camareiras, etc).

III.- NORMAS DE CONVIVENCIA.

Tal e como se recolle no punto 1, artigo 12, da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa: “serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.”

Así mesmo, nas Normas de Convivencia do centro queda recollido que, como norma xeral, o comedor escolar rexerese polas normas de convivencia establecidas para o resto dos espazos escolares.

1-. NORMAS XERAIS

1. Alumnos de 4º de infantil terán un período de adaptación adaptado ao proposto pola titora na aula, facendo a súa incorporación paulatinamente ao servizo de comedor. En todo caso ao inicio do mes de outubro farán uso do comedor todos.

2. O menú do mes publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro a principios de cada mes.
3. A entrada ao comedor farase de forma ordenada, evitando berros e aglomeracións, tamén a permanencia no mesmo manterase na mesma liña.
4. Non se permite faltar ao comedor se o alumno ven á clase, salvo causa debidamente xustificada ante a dirección do centro. Ás dez faltas non xustificadas perderá o dereito ao servizo do comedor.
5. Para darse de baixa voluntaria do servizo de comedor é preciso facelo por escrito na Secretaría do centro.
6. Por seguridade do alumnado, as portas de acceso ao centro permanecerán pechadas durante este horario.
7. O alumnado que quede no comedor debe ser recollido na porta exterior polos pais/nais ou persoa debidamente autorizada, respectando sempre os horarios de desenvolvemento das actividades. Por este motivo, non se permitirá a saída do centro a ningún alumno antes do horario establecido.
8. Para non atoparse na porta os alumnos/as que saen do comedor e os que entran ás actividades extraescolares, acordamos que a saída do comedor será 5 minutos antes, é decir ás 15:55 h.
9. O menú será único para todos os comensais, agás as seguintes excepcións:

Os alumnos alérxicos a alimentos ou que padezan calquera enfermidade que precise dunha alimentación especial deberá presentar un informe médico. Este alumnado disporá dun menú adecuado ás súas necesidades. É necesario traer o informe para entregarllo á empresa concesionaria do servizo.
10. En ningún caso se administrarán medicamentos ao alumnado que asiste ao comedor. Do mesmo xeito, nunca se deben entregar medicamentos aos nenos/as. En caso necesario, arbitrase a forma de que os pais/nais ou titores legais dos alumnos usuarios de comedor poidan acceder ao centro para administrarllos. Para iso deberá poñerse en contacto coa Dirección.
11. Os usuarios deberán comunicarlle ao centro educativo por escrito, e cunha antelación mínima dun día, os días que non van a facer uso do

comedor escolar para así non ter que aboalos. Así mesmo se un alumno ou alumna ten previsto chegar ao centro máis tarde das nove e facer uso do comedor, deben avisar por teléfono no centro antes das nove e media, hora na que se envía a previsión diaria do alumnado. De non ser así non poderá facer uso do comedor ese día.

12. Os alumnos serán responsables do deterioro por mal uso do material e utensilios do comedor.
13. Todo o alumnado está obrigado a respectar as Normas de Funcionamento e de Convivencia de Comedor: aseo, entrada ao comedor, saída, conducta e hábitos de comida....etc.
14. As condutas contrarias ás normas de convivencia serán amoestadas verbalmente e, en caso necesario, quedarán recollidas por escrito no parte de comedor para a posterior comunicación á dirección do centro.
15. O incumprimento por parte do alumnado das Normas de Funcionamento e de Convivencia, pode supoñer a baixa na utilización do servizo de comedor de forma temporal ou definitiva.
16. Para calquera tema relacionado co comedor, deben dirixirse á dirección do centro.
17. En caso de accidente as pautas a seguir son:
 - accidente leve: chamarase ás familias.
 - accidente grave: chamarase ao 112 e avisarase á familia inmediatamente.

2-. NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DO COMEDOR

Alumnado

1. HIXIENE:

- a. O alumnado deberá saber comer por sí mesmo, facer uso dos servizos e lavar as mans.
- b. Todo alumnado pasará polos servizos asignados ao respecto para facer as súas necesidades e lavar as mans antes de acudir ao comedor.
- c. Durante a comida non se poderá ir ao servizo a non ser por necesidades urxentes ou indisposición e sempre co permiso do coidador ou vixiante.
- d. Non poderán meter obxectos no comedor. As mochilas deixaranse no sitio ou lugar correspondente.

- e. Porase especial cuidado na correcta utilización dos cubertos, así como no uso da servilleta.
- f. Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ao chan nin á outros alumnos/as.

2. ORGANIZACIÓN E COMPORTAMENTO

- 1. Todos os alumnos deben respectar as normas de funcionamento e de convivencia do comedor (dispoñible no centro e na páxina web).
- 2. Antes do inicio da comida os alumnos deberán lavar as mans e ir ao baño se o precisan (neste sentido terase especial atención cos alumnos de E. Infantil e Primaria para o que contarán coa axuda do profesor que imparta a última clase e/ou persoal colaborador do comedor).
- 3. Os alumnos accederán ás instalacións cando a encargada ou colaboradores/as o indiquen.
- 4. A entrada ao comedor e lugares de ocio dos alumnos de Ed. Infantil e Primaria farase por grupos, con orde e tranquilidade, sen correr, nin berrar, nin empurrar aos compañeiros. En E. Primaria os colaboradores/as esperarán aos no corredor do primeiro andar dende onde os acompañarán ata o comedor en orden. O alumnado de Educación Infantil será recollido polas súas coidadoras na zona asignada para tal fin. Toman lista e pasan ao comedor en fila e en silencio, baixo a supervisión e tutela.
- 5. Os alumnos sentaranse no lugar que lles sexa asignado e permanecerán nel sen poder levantarse salvo co permiso dalgún responsable. Estes lugares poderán cambiarse a criterio dos colaboradores/as ou da directora. Cada colaboradora terá asignadas unhas mesas determinadas que serán as que teña que atender e os alumnos estarán informados de quen é esa persoa responsable.
- 6. O alumnado deberá permanecer correctamente sentado en todo momento sen xogar nin balancearse nas sillas, nin moverse do seu sitio. Para chamar ás coidadoras deberán facelo levantando a man ata ser atendidos
- 7. Os alumnos dirixiranse a todo o persoal de comedor, e viceversa, co debido respecto e sen levantar a voz. Os alumnos están obrigados a

- respectar aos colaboradores/as nos mesmos termos que ao profesorado do centro, seguindo as súas indicacións.
8. O alumnado está obrigado a respectar ao persoal de atención ao alumnado usuario do servizo de comedor.
 9. Co fin de lograr un ambiente tranquilo e relaxado os alumnos e persoal, dirixiranse aos demais nun ton de voz adecuado, evitando falar cos compañeiros doutras mesas.
 10. Durante a comida os alumnos empregarán os utensilios e comerán dun xeito correcto, sen xogar entre eles nin facelo coa comida.
 11. Deberase respectar todo o material e utensilios, sendo o alumnado responsables do seu deterioro polo mal uso.
 12. Os alumnos deberán adaptarse ao menú establecido (salvo no caso do apartado 9 das normas xerais).
 13. Cando se acabe de comer, esperará en silencio a que se lle indique o momento de saír, facendo nos mesmos termos que na entrada.
 14. Os alumnos non sairán do comedor ata que os colaboradores/as llo indiquen.
 15. Os alumnos teñen a obriga de comer.

Familias

1. Asumir o presente protocolo en todos os seus apartados, que estará dispoñible no centro e na páxina Web para toda a comunidade educativa.
2. Orientar aos seus fillos sobre como deben comportarse durante a comida e os períodos anterior e posterior á mesma.
3. Cooperar para o adecuado cumprimento das normas establecidas.
4. A recollida do alumno antes do inicio do comedor, será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido polo centro: notificación previa por escrito cunha antelación mínima dun día para non aboar o comedor o día ou días que non vai facer uso del e firmar o documento de recollida existente ao respecto.
5. Os pais ou titores legais do alumnado que usa comedor avisar e xustificar as ausencias dos seus fillos/as ou tutelados/as. Os avisos faranse coa antelación suficiente en dirección.

6. Comunicar ao centro, mediante informe médico, as posibles alerxias o enfermidades que requiran unha dieta especial.
7. Aceptar e levar a cabo as correccións que se lle apliquen aos seus fillos ante as condutas contrarias ás normas de convivencia.
8. Os pais/nais , titores legais ou persoa autorizada, encargada de recoller ao alumno/a usuario de comedor, está obrigado a facelo coa máxima puntualidade.O horario das cuidadoras finaliza ás 16:00h. En caso de retraso debidamente justificado, será atendido na biblioteca do centro. Unha vez cerradas as portas non se entregarán alumnos ata as 17:00h.
9. Presentar por escrito calquera suxestión ou observación sobre o comedor na Dirección do centro correspondente.
- 10.É imprescindible contar coa implicación das familias dos alumnos usuarios do comedor para que adquiran valores educativos.

IV.- TEMPO LIBRE

Cada grupo permanecerá no lugar asignado baixo a supervisión da súa coidadora. Ningún alumno poderá separarse do seu grupo sen permiso delas.

Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose por elo, aqueles que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas. Do mesmo xeito, non se poderá compartir material.

V.- DEREITOS DO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR:

- A coñecer con antelación os menús.
- A expresar por vía regulamentada aquelas queixas, sugerencias ou peticións en relación co servizo de comedor escolar.
- A súa propia defensa, cando o estime oportuno, aquel que o vai a sancionar.
- A empregar as instalacións durante o período de comedor dentro das normas que ao respecto dispoña o propio centro.

VI.- DEREITOS DO PERSOAL LABORAL E DE ATENCIÓN, APOIO E VIXILANCIA AO ALUMNADO USUARIO DO SERVIZO DE COMEDOR:

- A ser respectados no exercicio do seu traballo en relación co servizo de comedor escolar.
- A tutelar, guiar, apoiar e colaborar na formación do alumnado durante o tempo do servizo de comedor escolar.

VI.- DEREITOS DO PERSOAL LABORAL E DE ATENCIÓN, APOIO E VIXILANCIA AO ALUMNADO USUARIO DO SERVIZO DE COMEDOR

- A coñecer a programación dos menús.
- A que o seu fillo/a ou tutelado/a reciba a formación axeitada de acordo cos obxetivos do servizo de comedor.
- A ser informado de calquer aspecto relacionado coa formación do seu fillo/a ou tutelado/a durante o tempo de usuario do servizo de comedor.
- A ser informado da apertura de expediente disciplinario ao seu fillo/a ou tutelado/a no caso de faltas graves ou moi graves.

VII.- FALTAS E SANCIÓNIS:

1. FALTAS LEVES:

Considéranse faltas leves:

- a) Desobedecer levemente as indicacións do persoal do servizo de comedor.
- b) A falta de hixiene.
- c) Faltas contra as normas elementais de educación.
- d) Disputas dentro e fóra do comedor entre compañeiros.
- e) Neglixencia no trato do material e instalación que poidan ocasionar suciedade e desperfecto.
- f) Entrar ou saír desordenadamente do comedor.
- g) Entrar ao comedor con obxectos non permitidos.
- h) Cambiarse de sitio sen o permiso correspondente.
- i) Non comer con corrección ou non facer uso axeitado dos utensilios.
- j) Permanecer mal sentado ou columpiarse na silla.
- k) Facer ruído, berrando ou falando con alumnos doutras mesas.

- l) Calquera outra conducta que afecte levemente ao respecto, á integridades ou á saúde das persoas.

Sancións:

- a) Amonestación verbal ao alumno/a. En caso de reiteración, comunicación por escrito aos pais/nais ou titor/a.
- b) Separación temporal do grupo de referencia e integración noutro.
- c) Pérdida temporal do dereito a participar nos xogos ou actividades de lecer.
- d) Realización de tarefas relacionandas coa falta cometida.

Estas sancións poderán ser impostas polo persoal de apoio e vixancia ao alumnado usuario do servizo de comedor.

2. FALTAS GRAVES:

Considéranse faltas graves:

- a. Acumulación de tres faltas leves.
- b. Desobedecer gravemente as indicacións do persoal do servizo de
- c. comedor.
- d. Falta de respecto e malas contestacións ás cuidadoras encargadas de comedor.
- e. Saír do comedor sen permiso do persoal de servizo de comedor.
- f. Levantarse do seu sitio sen ningunha causa xustificada.
- g. Deteriorar a propósito ou por mal uso o material propio de comedor ou o mobiliario e as instalacións do centro.
- h. Tirar intencionadamente comida ao chan ou á outros compañeiros/as.
- i. Calquera outra conducta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

Sancións:

- a) Amonestación ao alumno/a. Comunicación aos pais/nais u titores legais. Estas faltas serán sancionada pola Dirección do centro.
- b) Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa de comedor.
- c) Comer separado dos seus compañeiros/as cinco días lectivos.

- d) Privación do dereito de ser usuario do servizo de comedor ata cinco días lectivos

Estas sancións serán impostas pola Dirección do centro, previa comunicación aos pais/nais ou titor/a legais do alumno/a, e en todo caso, coa audiencia do alumno/a de dos pais/nais ou titores legais.

3. FALTAS MOI GRAVES.

Considéranse faltas moi graves:

- a) Acumulación de tres faltas graves.
- b) Roubo do material de comedor ou do colexio.
- c) Saír do centro sen permiso durante o horario de comedor.
- d) Falta de respecto ás persoas que entraña unha vexación das mesmas.
- e) Violencia física ou moral exercida contra calquera persoa.
- f) Inxuria ou calumnia cara o persoal de comedor ou compañeiros, sempre que revista especial gravidade.
- g) Calquera outra conducta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

Sancións:

- a) Privación temporal do dereito de ser usuario do servizo de comedor dende cinco días lectivos a un mes.
- b) Expulsión definitiva do servizo de comedor escolar.

Estas faltas serán sancionadas polo Consello Escolar previo informe, e previa audiencia dos pais/nais ou titor/a legal e do propio alumno/a.

ESTE PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR FOI APROBADO NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO NO CEIP MANUEL RIVERO O 17 DE OUTUBRO DE 2023.